

# a auga na cultura galega auga que inspira

Da importancia da auga en Galicia dan mostra a calidade das obras que se fan para conducila, almacenala ou protexernos dela. O bo facer dos nosos canteiros deixou múltiples mostras de construcións e estruturas para o aproveitamento ou condución da auga, desde un humilde picho ou baixante ata a fontes mais decoradas das cidades e mosteiros. Desde as obras anónimas dos artesáns ata os deseños dos artistas universais.



Fonte das Nereidas (Mosteiro de Samos)



Mosteiro de Samos



Ourense



Catedral de Santiago



## RECITADO


Auga, que forte eres,  
que apagas o lume  
que queima o pau  
que malla o gato  
que corre o rato  
que torna o muro  
que corre a nube  
que cubre a lúa  
que turba o sol  
que derrete a neve  
que no meu pé prende.

Para abrigarse da auga e do frío, desde tempos antigos, os habitantes de Galicia construíron todo tipo de refuxios. A pedra empregouse para facer, desde humildes cabanas ata os pazos máis elaborados, sempre coas solucións axeitadas a cada tipo de material que se atopan en cada zona. No granito, sobre todo, creáronse o maior número de formas e solucións: edificios, cubertas, capeados, sobrepenas, e outras formas de protección de pinches e fachadas, soportais...



Soportais en Santiaio

Para dar saída á auga de tellados e cubertas constrúense canos, gárgolas e baixantes.



## AS GÁRGOLAS DE SAN MARTIÑO PINARIO

... Testas de porcos, serpes, animais de toda clase, monstros de feito vario que antes habitaron fragas, mares, ríos e os maxís dos alucinados e os poetas, símbolos ateigados de vida e de verdade que nós levamos no escuro da conciencia porque, denantes que nada somos homes.

... Ouh gárgolas sacras: vós purificades a auga e, devolvédeslla, por fermosos canles varonis, á terra nosa nai como don xerador, lustral e fecundante!



A pedra escavada foi utilizada como recipiente para a auga nas pias de bautismo e de auga bendecida nas igrexas, e nos pilóns das fontes, vertedeiros e bebedeiros.



Diversas estruturas construídas en pedra serven tamén para almacenar auga como os estanques.

